

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES, XUVENTUDE E VIDA SAUDABLE

No Pazo Provincial, sendo as 12:23 horas do día 22/09/23, reúnese a Comisión de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, baixo a presidencia de **D^a: MARTA FERNANDEZ-TAPIAS NUÑEZ**, sendo o seu suplente **D. JAVIER TOURIS ROMERO** en substitución de D^a. MARIA SANDRA BASTOS MIGUEZ, e coa asistencia das seguintes deputadas/os: **D. RAFAEL DOMINGUEZ ARTIME, D. JORGE CUBELA LOPEZ, D. JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS, D^a M^a PILAR RAMALLO VAZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JESÚS VAZQUEZ ALMUIÑA, D^a M^a NAVA CASTRO DOMINGUEZ, D. CARLOS LOPEZ FONT, D. CARLOS GOMEZ PRADO, D. GREGORIO AGIS GOMEZ** en substitución de ANA LAURA IGLESIAS GONZALEZ, **D^a NURIA RODRIGUEZ RODRIGUEZ, D. GORKA GOMEZ DIAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGAN, D^a BEATRIZ LOMBA RODRIGUEZ E D^a. MARIA OTERA IÑARREA.**

Actúa como Secretario **D. ANTONIO SANTOS GUERRA**, xefe do servizo Deportes, Xuventude e Vida Saudable.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudio dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo ningún reparo, apróbase por unanimidade, a acta de 08 de setembro de 2023

2.-DAR CONTA DAS SUBVENCIONS PARA FORMACIÓN DE MULLERES NOS POSTOS DE TÉCNICAS/ADESTRADORAS PARA O ANO 2023

Esta convocatoria está destinada a mulleres empadroadas na provincia de Pontevedra dende o 01 de xaneiro de 2023 para financiar estudos que lles dean acceso aos postos de técnica/adestradora en clubs deportivos e de xuízas e árbitras nas diferentes modalidades deportivas.

A contía total destinada a estas axudas é de 25.000,00 € para gastos de matrícula dos diferentes títulos oficiais que dan acceso aos postos de adestradora ou de técnica nas diferentes modalidades e aos postos de xuíza ou árbitra nas diferentes modalidades; estes poderán impartilos as federacións deportivas (autonómicas ou estatais) ou os diferentes centros de ensinanzas deportivas de réxime especial iniciados en 2023. Os cursos poderán rematalos en 2023 ou comprender o ano lectivo 2023/2024.

3.- DAR CONTA DA FINALIZACION DO CAMPAMENTO DEPOAVENTURA 2023

Na Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 04 de novembro de 2022 aprobou as bases reguladoras para os campamentos "Depo Aventura A Lanzada", que se desenvolveu en 11 quendas entre o 25 de xuño e o 09 de setembro de 2023.

O prazo de presentación foi de 20 días hábiles rematando o 28 de febreiro de 2023.

Está destinado a rapazas e rapaces dos concellos da provincia de Pontevedra cun número total de 1.540 prazas ofertadas.



4.- DAR CONTA DA VII EDICIÓN DOS PREMIOS PROVINCIAIS Á XUVENTUDE 2023 E NOMEAMENTO DE PERSOAS QUE INTEGRARÁN CADA UN DOS XURADOS

A Presidencia por RP 2023001434, de 20 de febreiro de 2023, aprobou as Bases reguladoras para a VII Edición premios provinciais á xuventude 2023, coa finalidade de promover o talento e o potencial da xuventude da nosa provincia.

Densenvólvense en 11 categorías cunha dotación de 36.000,00 €

Poden optar a estes premios as persoas físicas e xurídicas de idade comprendida entre os 16 e 35 anos (ambos inclusivos), a excepción da categoría en Educación en valores, iniciativa social e reacción polo clima que abarcará dende os 12 anos ata os 18 anos de idade.

A Presidencia por RP 2023007041, de 18 de setembro de 2023, nomeou aos xurados para cada unha das categorías dos premios.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:26 horas do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

